



CONVENIO MARCO DE COLABORACIÓN CULTURAL ENTRE A CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO DA XUNTA DE GALICIA E O CONSORCIO “PARQUE DE LAS CIENCIAS” PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTUACIÓNS DE INTERESE COMÚN EN MATERIA DE CULTURA CIENTÍFICA E DE DIVULGACIÓN CIENTÍFICA E TECNOLÓXICA

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O secretario xeral técnico da Consellería de Cultura e Turismo

DECLARA:

Que esta Secretaría Xeral Técnica ten previsto formalizar co Consorcio “Parque de las Ciencias” (CPC) o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que será dun ano desde a súa sinatura, puidendo ser prorrogado de acordo cos límites establecidos no artigo 49.h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Establecer o marco xeral, os termos e as bases que regularán a colaboración entre a Consellería de Cultura e Turismo e o CPC, cuxo alcance incluírá a coordinación rexional como NODO ESERO das accións formativas e de divulgación, a creación de novos recursos didácticos e outras actividades de divulgación científico – tecnolóxica.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se fundamenta no seguinte:

-A Xunta de Galicia ten atribuídas funcións en materia de fomento da cultura, de acordo co establecido no artigo 27.19º do Estatuto de Autonomía, en consonancia co estipulado



no artigo 148.1º.17ª da Constitución Española. Dentro dese ámbito competencial, a Consellería de Cultura e Turismo vén desenvolvendo dende anos atrás unha serie de actuacións encamiñadas á divulgación, información e promoción da cultura, da cal a cultura científica e tecnolóxica forma parte indisoluble e de gran relevancia no mundo actual.

-A Consellería de Cultura e Turismo quere acometer a realización de actividades de promoción e divulgación da cultura científica e a divulgación científica e tecnolóxica, así como accións vencelladas ao patrimonio industrial e natural da nosa comunidade, con especial énfase na promoción de actividades vencelladas aos destinos Starlight recoñecidos. Estas accións enmárcanse en actividades culturais de aprendizaxe nono formal e informal así como de apoio ás actividades educativas.

-O Consorcio “Parque de las Ciencias” ten por obxecto o fomento da divulgación da investigación científica e tecnolóxica de carácter multidisciplinar, co fin de contribuír ao coñecemento dos avances científicos pola sociedade, desenvolvendo a súa actividade no marco do dereito fundamental á educación.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do convenio que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria

(asinado dixitalmente)

